

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O LICEO DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE REPARACIÓN DO LICEO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Liceo de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Liceo de Ourense para a realización de actuacións de reparación do edificio do Liceo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Así mesmo, no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.





Segundo.- O Liceo de Ourense é unha Entidade cívica, con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, estando baixo o amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española e acollida á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Ten a súa sede nun edificio da súa propiedade, palacio que foi da familia Oca- Sarmiento, no século XVI, comezouse a súa edificación no 1520, reinando D^a Juana de Castela e xa en reinado de Felipe II rematouse a súa fachada en 1583; tanto esta como a primeira planta do patio de columnas mantivéronse case intactas ata os nosos días.

O edificio é propiedade do Liceo de Ourense que se trasladou aquí en 1870. Fora fundado vinte anos antes, nunha cidade que contaba con 10.700 habitantes. Desde o primeiro momento ata a actualidade, o Liceo constituíuse nunha sociedade recreativa, eminentemente cultural, tolerante e plural.

A fachada, de gran beleza, ten os brasóns da familia fundadora ao redor do balcón central, que se repiten no patio de columnas, do que é digno de admirar o conxunto pétreo de columnas, antepeitos e adornos nun traballo de cantería de exquisita calidade.

Nel acóllense distintas asociacións que non teñen un lugar axeitado para desenvolver as súas actividades (Coral, Filatelia, Xadrez....). No Liceo celébranse unha media anual de 350 actos culturais ou conmemorativos da sociedade provincial, sen ningún tipo de custe para os organizadores. Anualmente pasan polas instalacións do Liceo de Ourense máis de 50.000 persoas.

O Liceo de Ourense, declarado Ben de Interese Cultural, constitúe un recurso turístico de relevancia para a cidade de Ourense, e por extensión para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020, na súa liña estratéxica 2: valores diferenciadores e a súa potenciación, prevé que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recurso transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente.



Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Cuarto.- Ambas partes consideran esencial promover a boa imaxe da cidade, e de Galicia, e colaborar na posta en marcha de accións, como son as que constitúen o obxecto do presente convenio, encamiñadas á conservación de edificios emblemáticos como o Liceo de Ourense, coa súa posta en valor turístico, dotando a cidade de espazos culturais de grande atractivo turístico.

Que a través deste convenio, outórgase ao Liceo de Ourense unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

